

**ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2022**ASISTENTES:Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

*[abandona a sesión sendo as 13h46 min, unha vez concluída a votación do punto primeiro da orde do día]*

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día dez de febreiro de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

Non asiste:

D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto

D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<PROPOSTA DE ACORDO****RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 10 DE FEBREIRO DE 2022.**

*(Expediente TEdC 2022/G006/000022)*



Logo de ver a convocatoria efectuada pola Deputación provincial da Coruña do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+ 2022 e o POS+ Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Tendo en conta que o prazo para presentación de solicitudes remata o día 11 de febreiro de 2022 ás 15h e que non foi posible ter concluído con anterioridade a tramitación dos distintos expedientes que se propoñen para a súa inclusión no POS + 2022 e POS + Adicional 1/2022.

Tendo en conta o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao respecto dos asuntos sen ditaminar pola correspondente Comisión Informativa.

É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 10-02-2022 e a inclusión na orde do día da sesión os asuntos:

**1. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Expediente: 2021/A003/000039)**

**2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente TEdC: 2021/A003/000039).>>**

O Presidente abre a quenda para o debate.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera (BNG) que indica como partido político cren que este Pleno que se convoca o día anterior as 15:30 que leva un expediente que implica un gasto de aproximadamente 400.000,00 € sen previamente comunicación por parte do concello, sen unha xunta de portavoces, sen unha comisión que ditamine os asuntos; reciben 14 pdf con menos de 24 horas para o seu estudio. Cren que non é forma, que hai falta de información, falta de transparencia e o pouco tempo non da para estudar o expediente a fondo. Indica que a forma que teñen de protestar vai ser votando en contra este punto de ratificación de urxencia e a continuación abandonará a sesión.

Reponde o Sr Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro, dicindo que sí que hai que pedir desculpas, que existiron problemas de baixas de persoal que ralentizaron os traballos. Inicialmente non era necesario ter un prego listo pero despois comprobouse que sí e isto provocou que o expediente se rematou a ultima hora. Tamén é certo que as obras para o POS son obras xa incluídas no orzamento municipal 2022 e entendiamos que non habería ningún problema, pero si que é certo que se puido contactar antes cos grupos políticos, pero foron uns días complexos, con moito volume de traballo.

Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP) que entende que as obras que van no POS xa estaban no orzamento 2022, que non hai nada novo.

Respóndelle o Presidente que si pero que non quita para o que di o concelleiro do BNG don Luis Pena Mosquera, que se convoca tarde e con pouco tempo para examinar a documentación, reitera que é un erro que hai que asumir e reitera a súas desculpas.



Toma a palabra don José Simoes Couceiro (PSdG-PSOE) que indica que chamou aos portavoces as 11:00 horas explicando o motivo da urxencia e pedindo desculpas porque estabamos tendo problemas técnicos para realizar a convocatoria porque había erros no portal de sinaturas o que provocou un retraso na convocatoria. Non se puido arranxar ata as 15:15 horas.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor, dos concelleiros e concelleiras do PSOE (8)**: . D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; **e do PP (2)**: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **1 voto en contra** do concelleiro do BNG: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:

**ÚNICO.**- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 10-02-2022 e a inclusión na orde do día da sesión os asuntos:

**1. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Expediente: 2021/A003/000039)**

**2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente TEDeC: 2021/A003/000039)**

*[Abandona a sesión D. Luis Pena Mosquera.]*

**2.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Expediente: 2021/A003/000039)**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<PROPOSTA DE ACORDO**

**PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA Expediente: 2021/A003/000039**

*(Expediente proposta: 2022/G006/000019)*

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 30.11.2021, relativa á aprobación “Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022”, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS +2022 para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

**ASIGNACIÓN POS+ 2022**



Concello: PONTEDEUME					
Achega provincial 2022	Achega provincial 2021			Préstamo provincial 2022	TOTAL POS + 2022
	Baixas/Anulac	Asignación	Total Achega 2021		
158.349,28	91.250,05	61.359,25	152.609,30	11.876,20	322.834,78

Logo de ver as s Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2022 (BOP nº 228 de 30.11.2021), aprobadas

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión celebrada o día 31.07.1997, adjudicou definitivamente o “Contrato administrativo de concesión dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa” e por tanto, a xestión integral do ciclo da auga, á empresa Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA (AQUAGEST); mediante esta fórmula de xestión indirecta do servizo de abastecemento de auga potable, o Concello, que segue a ser o titular daquel, transfería a unha empresa privada a xestión do servizo, asumindo esta o risco económico da actividade sendo que, dende ese momento, a distribución da auga non constitúe exercicio dunha actividade económica por parte do Concello, polo que de acordo coa normativa do imposto, non se poden deducir as cotas do iva soportadas polos gastos derivados de obras realizadas na rede de abastecemento.

Logo de ver a documentación (memorias e anexos) que obran no expediente.

É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** de **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	158.349,28
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>158.349,28</b>

B) Financiamento de investimentos:



ACHEGA PROVINCIAL 2022		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Adquisición tractor municipal	134.509,30	0		0	134.509,30
Vehículo Recollida residuos	18.100,00	0		0	18.100,00
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	152.609,30	0		0	152.609,30

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda



<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

D Resumo:

		Concello				
POS+ RESUMO FINANCIAMENTO	2022 DE	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. o auga potable)	Total concell	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	158.349,28 €	0		0	158.349,28
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTO S	Achega 2022					
	Achega 2021	152.609,30 €	0		0	152.609,30
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022					
	Achega 2022					
	Achega 2021					
	Préstamo 2022					
	<b>TOTAL</b>	310.958,58 €				310.958,58 €

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (A)	IVE soportado deducible (B)	Orzamento subvencionable (C= A-B)
RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA AC-144 (P.Q. 2+033 A P.Q. 2+421)	200.000,00	0	200.000,00
<b>TOTAIS</b>	<b>200.000,00 €</b>	<b>0</b>	<b>200.000,00 €</b>



**TERCEIRO.-** Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.-** En relación co investimento relativo ao ciclo da auga, incluído no POS COMPLEMENTARIO, declarase que tendo en conta que o Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión celebrada o día 31.07.1997, adxudicou definitivamente o "Contrato administrativo de concesión dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa" e por tanto, a xestión integral do ciclo da auga, á empresa Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA (AQUAGEST); mediante esta fórmula de xestión indirecta do servizo de abastecemento de auga potable, o Concello, que segue a ser o titular daquel, transfería a unha empresa privada a xestión do servizo, asumindo esta o risco económico da actividade sendo que, dende ese momento, a distribución da auga non constitúe exercizo dunha actividade económica por parte do Concello, polo que de acordo coa normativa do imposto, non se poden deducir as cotas do IVE soportadas polos gastos derivados de obras realizadas na rede de abastecemento.

**QUINTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

**SEXTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**SÉTIMO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe

**OITAVO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**NOVENO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra don Daniel Ríos Fernández (PSdG-PSOE), Concelleiro de Vías e Obras; que indica que se quere solicitar á Deputación Provincial da Coruña dentro do plan único 2022, actuacións que xa están contempladas no anexo de investimentos do orzamento do exercicio 2022. Adicaranse preto de 158.000,00 € a gasto corrente e sobre 153.000,00 € para compra dun novo tractor, unha desbrozadora e un vehículo de recollida do lixo. Indica que o tractor actual é do ano 1998 e é necesaria a súa renovación por un vehículo moito mellor tecnoloxicamente e así conseguir un traballo máis eficiente por parte do operario encargado do seu emprego e consecuentemente unha nova aposta polo rural ao poder prestar un servizo de maior calidade. Continua dicindo que estas novas adquisicións contribúen a continuar co plan posto en marcha para este mandato de renovación do parque móbil, que ven a sumarse a adquisición do vehículo da policía local, do vehículo de urbanismo e de dous camións para o



servizo de obras. Por último con cargo ao plan complementario 2022 unha nova fase de preto de 400 metros da obra de Renovación de tubaxes na rede xeral de abastecemento de auga potable en Nogueirosa, que tamén contempla a substitución dos servizos afectados polo desenvolvemento da obra como saneamento, pluviais e reposición de pavimentos. Indica que é un plan posto en marcha coa chegada do equipo de goberno á alcaldía no ano 2015 con máis dun millón de euros invertidos, non só nesta rede xeral senón noutras como Portiño-Anduriña ou avenida de Ferrol.

Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP), que indica que o seu voto vai ser a favor porque xa que son actuacións que se contemplaron no orzamento 2022.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	158.349,28
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>158.349,28</b>

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>					





ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Adquisición tractor municipal	134.509,30	0		0	134.509,30
Vehículo Recollida residuos	18.100,00	0		0	18.100,00
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>152.609,30</b>	<b>0</b>		<b>0</b>	<b>152.609,30</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

D Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	158.349,28 €	0		0	158.349,28
Achega 2022					
Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
Achega 2022					



<b>B- INVESTIMEN S</b>	<b>Achega 2021</b>	152.609,30 €	0		0	152.609,30
<b>C- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2022</b>					
	<b>Achega 2022</b>					
	<b>Achega 2021</b>					
	<b>Préstamo 2022</b>					
	<b>TOTAL</b>	310.958,58 €				310.958,58 €

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento contrata (A)</b>	<b>IVE soportado deducible (B)</b>	<b>Orzamento subvencionable (C= A-B)</b>
RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA AC-144 (P.Q. 2+033 A P.Q. 2+421)	200.000,00	0	200.000,00
<b>TOTAIS</b>	<b>200.000,00 €</b>	<b>0</b>	<b>200.000,00 €</b>

**TERCEIRO.-** Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.-** En relación co investimento relativo ao ciclo da auga, incluído no POS COMPLEMENTARIO, declarase que tendo en conta que o Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión celebrada o día 31.07.1997, adxudicou definitivamente o "Contrato administrativo de concesión dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa" e por tanto, a xestión integral do ciclo da auga, á empresa Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA (AQUAGEST); mediante esta fórmula de xestión indirecta do servizo de abastecemento de auga potable, o Concello, que segue a ser o titular daquel, transfería a unha empresa privada a xestión do servizo, asumindo esta o risco económico da actividade sendo que, dende ese momento, a distribución da auga non constitúe exercizo dunha actividade económica por parte do Concello, polo que de acordo coa normativa do imposto, non se poden deducir as cotas do IVE soportadas polos gastos derivados de obras realizadas na rede de abastecemento.

**QUINTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos



necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

**SEXTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**SÉTIMO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe

**OITAVO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**NOVENO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente TEdC: 2021/A003/000039)**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **<<PROPOSTA DE ACORDO**

#### **PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente TEdC: 2021/A003/000039)**

(Expediente proposta: 2022/G006/000020)

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 14.12.2021, relativa ao “**POS+ Adicional 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS+ADICIONAL 1/2022 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 son as que figuran na seguinte táboa:

Concello	Ponte deume
Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios	<b>55422,25 €</b>

Logo de ver as s Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2022 (BOP nº 228 de 30.11.2021), aprobadas

Tendo en conta a providencia de Alcaldía de data 03.02.2022



Visto os documentos “anexos” emitidos polo servizo e pola intervención municipal, que obran no expediente.

É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA de ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	<b>55422,25 €</b>
Achega provincial <b>SOLICITADA</b> para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	<b>55422,25 €</b>

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.  O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia	22.500,00 €		0,00 €



<p>de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			0,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	40.000,00 €		40.000,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>			0,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando</p>			0,00 €



<i>carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i>			
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	62.500,00 €	0,00 €	62.500,00 €
<i>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i>  <i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i>			0,00 €
<i>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</i>  <i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i>			0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	62.500,00 €	0,00 €	62.500,00 €

**SEGUNDO.-** *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente »*

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra dona Raquel Caruncho Corral (PSdG-PSOE), concelleira de Servizos sociais que indica que o que se recolle no plan provincia POS+ Adicional 1/2022 gastos sociais extraordinarios son axudas de emerxencia social destinadas a paliar situacións de carencias excepcionais ou extremas derivadas da Covid-19 a aquelas familiar con baixos recursos económicos; tamén axudas para adquisición de material escolar para familias que se atopan en situacións económicas menos vantaxosas co fin de promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación e unha liña de axudas económica empadroadas no concello de Ponte deume con fillos e /ou fillas menores de 3 anos dentro das medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:



**PRIMEIRO.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	<b>55422,25 €</b>
Achega provincial <b>SOLICITADA</b> para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	<b>55422,25 €</b>

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.  O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos,	22.500,00 €		0,00 €



<p>transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			0,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	40.000,00 €		40.000,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>			0,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p>			0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>62.500,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>62.500,00 €</b>





<p>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>			0,00 €
<p>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>			0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	62.500,00 €	0,00 €	62.500,00 €

**SEGUNDO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Presidente e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbese a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 24.02.2022, segundo o borrador asinado o día 21.02.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria que da fé.

